


CONVOCATORIA PÚBLICA



XX CERTAME LITERARIO “A PIPA” 2011 DA ALTA MONTAÑA LUGUESA.

Bases.

1. Temática.

O tema é libre.

2. Tres categorías.

- 2.A.- CATEGORÍA INFANTIL (Dos 8 ós 14 anos)
- 2.B.- CATEGORÍA XUVENIL (Dos 14 ós 18 anos)
- 2.C.- CATEGORÍA Revista “A PIPA” para maiores de 18 anos.

3. Dúas modalidades.

- 3. A.- POESÍA (máximo 50 versos)
- 3. B.- RELATO, NARRACIÓN OU CONTO breves (máximo 5 folios Din A4, dobre espazo entre as liñas, letra Times New Roman tamaño 12, marxes entre 2 e 3 cm.)

4. Os premios.

Para cadansúa CATEGORÍA establécense 1º e 2º Premio de Poesía, e tamén 1º e 2º Premio de

Relato, mailos ACCÉSITS que o Xurado considere necesarios.

Cada premio consiste nunha estatuíña de cerámica de Sargadelos con placa inscrita, un lote de libros, e o correspondente título acreditativo. A Asociación Cultural “A PIPA” non descarta que os traballos premiados poidan ser editados nun futuro.

5. Presentación e Prazo.

- 5. A.- Cada participante poderá presentar un ou máis traballos, en LINGUA GALEGA.
- 5. B.- Os traballos presentaranse anónimos, sinalando neles a CATEGORÍA e MODALIDADE na que participan, e achegando nun sobre pechado a identidade, o enderezo e o número de teléfono do/a autor/a.
- 5. C.- **O prazo de admisión rematará o 22 de decembro de 2011.**
- 5. D.- Os traballos poden entregarse, ou enviarse ó seguinte enderezo: Certame Literario “A PIPA”. Rúa Ancares, 57. – 27640 Becerreá (Lugo).

6. O Xurado. O Fallo.

O Xurado estará composto pola Xunta Directiva da Asociación Cultural “A PIPA” de Becerreá, que tamén poderá convidar a algún profesional do mundo do Ensino, da Literatura e das Artes.

O fallo farase público a través dos medios de comunicación, e tamén se transmitirá persoalmente ós/ás gañadores/as.

7. Cerimonia de Entrega de Premios.

A Cerimonia de Entrega de Premios terá lugar na Casa de Cultura de Becerreá o mércores 28 de decembro ás 21 h. no marco da **XX NOITE POÉTICA “A PIPA” 11 CON MARÍA LADO E LUCÍA ALDAO.**